

## **PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTOS E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR**

A participación no fondo libros irá dirixido ao alumnado que promociona a 3º e 4º de Educación Primaria. O alumnado de 5º e 6º de EP non serán beneficiarios debido á participación no proxecto de E-dixgal.

Ás axudas de material escolar poderán optar o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP.

### **PROCEDEMENTO:**

Primeiro repartiranse os libros existentes no centro. No caso de non ser suficientes o centro mercará un número de libros en función da renda de cada familia de xeito que:

- Familias con renda per cápita  $\leq 6.000\text{€}$ : teñen dereito ata 6 libros.
- Familias con renda per cápita entre  $6.000 - 10.000 \text{€}$ : teñen dereito ata 4 libros.
- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia e alumnado con discapacidade  $\geq 65\%$ : 6 libros.

As **axudas para material escolar** (50 €) serán para aquelas familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 6000€, para o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia e alumnado con discapacidade  $\geq 65\%$ .

Para calcular a renda per cápita farase sumando as casillas (da declaración da renda do 2020) 435 + 460 e dividindo entre o número de membros da familia. Aqueles membros da familia que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% contarán coma dous. Se hai dúas declaracións (pai e nai por exemplo) hai que sumar o resultado das dúas.

No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar durante o exercicio 2020.